Nº 17 Tempada 17/18
EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
DDDDDD
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966

Liga Regular — *Campións 2017-2018* — *Copa Princesa*

Regreso a
ACB

SODES LENDA

DEPORTE GALEGO
GALICIA SAUDABLE
Concello de Lugo
HYUNDAI DITRAMOTOR
CAIXA RURAL GALEGA
polusa
Estrella Galicia
CANDELAS
hummel

a nova tele de R é un canón

rebobina ou pausa un programa que estea empezado

grava ata 350 horas dos teus programas favoritos

apps · 4k · ultravelocidade · rebobina

novateleR.gal
1445

anunciante R Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A.U A-15474281 Real 85 A Coruña

Unha viaxe inesquecible

Hoxe rematan 34 xornadas de récord para o Cafés Candelas Breogán. Campión matemático e (á espera do que aconteza hoxe) con so 5 derrotas ás costas. Ao éxito da liga súmase o da Copa Princesa, xa nas vitrinas do Pazo. Grazas por acompañarnos nesta aventura!

1 CAFES CANDELAS BREOGAN - RIO OURENSE TERMAL 83-71 30/09/2017

2 CARRAMIMBRE CBC VALLADOLID - CAFES CANDELAS 84-85 01/11/2017

3 CAFES CANDELAS BREOGAN - CB PRAT 85-63 10/10/2017

4 ACTEL FORÇA LLEIDA - CAFES CANDELAS BREOGAN 73-86 15/10/2017

5 CAFES CANDELAS - CACERES P. DE LA HUMANIDAD 101-73 21/10/2017

6 MELILLA BALONCESTO - CAFES CANDELAS BREOGAN 79-83 27/10/2017

7 CAFES CANDELAS BREOGAN - TAU CASTELLO 97-69 05/11/2017

8 CH. TRAPA PALENCIA - CAFES CANDELAS BREOGAN 70-74 10/11/2017

9 CAFES CANDELAS BREOGAN - ICL MANRESA 98-81 18/11/2017

10 F. C. BARCELONA LASSA - CAFES CANDELAS BREOGAN 72-81 26/11/2017

11 CAFES CANDELAS BREOGAN - IBEROSTAR PALMA 93-80 29/11/2017

12 LEVITEC HUESCA - CAFES CANDELAS BREOGAN 87-76 03/12/2017

13 SÁENZ HORECA ARABERRI - CAFES CANDELAS BREOGAN 97-91 10/12/2017

14 CAFES CANDELAS BREOGAN - CB. CLAVIJO 96-50 16/12/2017

15 SAMMIC HOSTELERIA - CAFES CANDELAS BREOGAN 61-81 23/12/2017

16 CAFES CANDELAS BREOGAN - LEYMA CORUÑA 84-73 29/12/2017

17 U. F. BALONCESTO OVIEDO - CAFES CANDELAS BREOGAN 75-87 07/01/2018

18 RIO OURENSE TERMAL - CAFES CANDELAS BREOGAN 79-67 13/01/2018

19 CAFES CANDELAS - CARRAMIMBRE CBC VALLADOLID 96-74 19/01/2018

20 CB PRAT - CAFES CANDELAS BREOGAN 79-81 23/01/2018

21 CAFES CANDELAS BREOGAN - ACTEL FORÇA LLEIDA 81-49 28/01/2018

22 CACERES P. DE LA HUMANIDAD - CAFES CANDELAS 77-84 09/02/2018

23 CAFES CANDELAS BREOGAN - MELILLA BALONCESTO 78-67 17/02/2018

24 TAU CASTELLO - CAFES CANDELAS BREOGAN 89-91 23/02/2018

25 CAFES CANDELAS BREOGAN - CH. TRAPA PALENCIA 80-82 04/03/2018

26 ICL MANRESA - CAFES CANDELAS BREOGAN 90-78 11/03/2018

27 CAFES CANDELAS BREOGAN - F. C. BARCELONA LASSA 105-64 16/03/2018

28 IBEROSTAR PALMA - CAFES CANDELAS BREOGAN 80-70 21/03/2018 20:30

29 CAFES CANDELAS BREOGAN - LEVITEC HUESCA 91-53 25/03/2018 18:00

30 CAFES CANDELAS - SÁENZ HORECA ARABERRI 106-98 01/04/2018 18:00

31 CB. CLAVIJO - CAFES CANDELAS BREOGAN 76-92 06/04/2018 20:45

32 CAFES CANDELAS - SAMMIC HOSTELERIA 93-89 13/04/2018 21:00

33 LEYMA CORUÑA - CAFES CANDELAS BREOGAN 86-93 20/04/2018 21:00

34 CAFÉS CANDELAS BREOGÁN - U. F. OVIEDO BALONCESTO

VOLVEMOS A CASA así aconteceu

A portada homenaxeando a tantos...

Precisariamos centos de portadas para incluir a tódalas persoas que axudaron no camiño do regreso. A portada do número do «Fogar do Breogán» do partido ante Iraurgi pedía ao equipo que o fixera por Lugo, polos que están e non están, patrocinadores, fundadores, os que viviron a ACB e os que aínda non saben o que é, por cada persoa que, nalgún intre da súa vida, desexou o mellor para o equipo.

Non hai billetes

As entradas vendéronse case ao 100% nos días previos por internet. Os poucos afortunados que se fixeron con elas en taquilla do Pazo gardaron longas ringleiras. Ás 15:30 horas do día de partido xa había afeccionados agardando á apertura de taquilla prevista para as 19:45 horas. Ninguén quería perder unha cita histórica.

O PAZO: foi un «inferno celeste» cheo ata a bandeira e coa xente lucindo as súas camisolas celestes de moi distintas épocas. Nas costas dos seareiros líanse nomes como Bell, Perasovic, Feldeine... sinaturas dunha historia de máis de 50 anos nas que citas como esta quedan na lembranza.
Familias enteiras, grupos de amigos, compañeiros de traballo, vellos coñecidos... todos quixeron estar nun espectáculo familiar e no que todos nos sentimos en familia unidos por unha ilusión.

ESPECTÁCULO: Dende antes da presentación o Pazo foi un espectáculo na grada e na pista. Partido duro, cun rival enchufado e ao que o Breo tivo que doblegar dando o máximo con todo o apoio do #InfernoCeleste

OUTRA VEZ OS TIROS LIBRES: Como acontecera anos atrás con David Gil como protagonista, uns tiros libres pechaban o partido do ascenso. Sulejmanovic soprou para afastar a tensión e escribeu o seu nome na historia celeste xunto co Cafés Candelas Breogán 2017/2018. Chegou a explosión de xúbilo ao Pazo: bágoas de felicidade, apertas, brazos en alto, sorrisos... o que Lugo levaba moitos anos

CANDELAS

SOMOS ACB!

C.B. Breogán S.A.D.

Cafés Candelas Breogán 2017/2018

VOLVEMOS A CASA: Camisetas de celebración e festa no Pazo. Tras 12 anos, o equipo celeste regresa a casa tralo esforzo, traballo e empeño de moita xente.

O BAÑO MÁIS DOCE: A Fonte do Rei acolleu a centos de breoganistas que desafiaron o frío e se bañaron co equipo. Xogadores técnicos e familias continuaron a celebración cunha cea no restaurante Os Cachivaches, que tiña unha doce sorpresa: unha espectacular tarta para saborear a chegada a ACB.

DE LUGO E PARA LUGO: O equipo visitou o Concello onde foi recibido por toda a corporación e ofreceu o logro do ascenso aos lucenses. Un éxito de todos e para todos que pon a Lugo entre os mellores de novo.

«Parabéns» comezaba Sulejmanovic atreméndose co galego nunha sucesión de saudos dende a balconada municipal na que todos tiveron unhas palabras de agradecimento polo apoio para acadar o ansiado ascenso.

A visita rematou co himno de David Prado soando e cantado polos asistentes que amosaron as bufandas ao ceo celeste da cidade.

A NOBREZA DO DEPORTE

Foron centos as felicitacións chegadas dende clubes e representantes do mundo do deporte. O Ensino e o Leyma Coruña agasallaron ao Cafés Candelas con «pasillos» en recoñecemento ao campión, e o CD Lugo dedicou un saque de honra e un espectacular recibimento no Anxo Carro.

Agardamos poder devolverlle o detallazo a todos moi pronto. Grazas!

A Marea Celeste do ascenso asolagou as redes sociais

Deportes&Finanzas®
@DeporFinanzas

REPORTE | Un ascenso a @ACBCOM del que pudieron formar casi 1M de personas en #twitter. ¡Felicidades @CBBreogan !

Himno para un sentimento

David Prado é o autor e intérprete dun tema que xa forma parte da nosa historia

Ano sesenta e seis,
foi o nacemento dunha paixón
no Lugo amurallado.

Comezaban a remar,
miles de gorxas, un corazón
cara un mesmo lado.

O xurdir duns valores,
o medrar cunhas cores,
o ruxir dun león do equipo gañador.

E aquí seguimos en pé
e seguiremos unidos
co equipo de Galicia
o do fiel sentimento levámolo dentro.

E aquí seguimos en pé,
no fogar do Breogán
co celeste no peito
levando o escudo cara o mundo enteiro.

Dende as costas do parque da gran Rosalía
á beira do Miño do equipo de Galicia.

Alzaremos bandeiras, seguiremos en loita
de aquí á vitoria.

E aquí seguimos en pé
seguiremos unidos
co equipo de Galicia
o do fiel sentimento levámolo dentro.

E aquí seguimos en pé
no fogar do Breogán
co celeste no peito
á beira do Miño, fogar de Breogán.

Dende Fogar Do Breogán queremos agradecer a tódalas persoas, empresas e institucións que axudaron a que este modesto proxecto de revista saira adiante e permitira plasmar en papel unha tempada que felizmente remata de xeito histórico. Grazas aos colaboradores habituais Alberte e Guido, aos que tamén aportaron ideas e contido de xeito menos habitual pero non menos importante, aos comerciais Pepe e Pilar, a UNICOPIA polo seu traballo e paciencia materializando o proxecto, aos patrocinadores, institucións, fotógrafos, medios de comunicación e afeccionados que aportaron contido, ao equipo e aos rivais, á FEB e a tódolos que o fixeron posible. Vémonos no Fogar do Breogán!

Marcos Fernández, Xefe de Prensa e editor da revista.

ALGO QUE CELEBRAR?
O QUE QUEIRAS, COMO QUEIRAS,
CANDO QUEIRAS
WWW.PAPRICA.ES